

CONTRA O PARO
XUVENIL E A
PRECARIEDADE
TRABALLO
DIGNO E
NA TERRA!



GALIZA NOVA

www.galizanova.org

En defensa do emprego digno e dos servizos públicos! Contra as medidas antisociais do goberno!

Desde Galiza Nova, consideramos preocupante a situación laboral da mocidade en Galiza, caracterizada polas elevadas taxas de paro e precariedade laboral que se teñen situado nuns índices moi elevados a consecuencia da actual crise económica. Segundo os últimos datos, na Galiza temos unha taxa de paro do máis do 40% entre a mocidade de 16 a 19 anos, que triplica a dos maiores de 25 anos. A isto hai que sumarlle as condicións de precariedade daquelas mozas e mozos empregados (temporalidade, baixos salarios...) ou a daquelas/es que tiveron e teñen que emigrar cada ano para acceder a un posto de traballo fóra da nosa nación, Galiza.

Esta problemática estrutural, produto do actual sistema económico capitalista e da situación de dependencia que sofre Galiza, vese agravada no actual contexto de crise económica, cunhas consecuencias, que ademais de afectar ao conxunto da clase traballadora, están golpeando de xeito especialmente duro á mocidade: co incremento do paro ou dos expedientes de regulación de emprego (ERE). Por se fora pouco, o goberno do Estado acaba de aprobar un Plan de Axuste que pretende recortar o déficit público a cambio de facer recaer as consecuencias da crise entre as maiorías sociais, con medidas contraproducentes e inxustas para saírmos da negativa situación económica que padecemos: reducindo un 5% o salario das/os empregadas/os públicas/os, conxelando as pensións ou reducindo os partidas destinadas á dependencia, así como recortando a inversión en obra pública con graves repercusións para as infraestruturas galegas e a xeración dos postos de traballo que delas se derivan.

Non contentos con isto, ameázannos cunha cunha nova reforma laboral regresiva que ten como eixos centrais o abaratamento do despido e a perda dos dereitos do conxunto das traballadoras e traballadores. Nesa liña o goberno do Estado, co aplauso da patronal, propón ampliar dos 21 aos 24 anos os contratos de formación, condenando a milleiras de mozas e mozos a condicións de traballo de miseria, sen tan sequera garantías laborais, ao mesmo tempo que propoñen potenciar o papel das ETT's de xeito escandaloso, en detrimento dos servizos públicos de emprego. Do mesmo xeito, o PSOE propón seguir coa política de bonificacións á contratación de xente nova, sen que se tiveran producido melloras no emprego xuvenil nos últimos anos e pola contra se desbaldiran millóns de cartos públicos. Con esta situación o futuro para a mocidade galega é incerto non só dende o punto de vista individual senón colectivo. Non é para menos, pois o Partido Popular na Xunta de Galiza, aplica as mesmas medidas de recortes impulsadas a nivel estatal, acompañándoas do desmantelamento dos servizos públicos como a sanidade, o ensino ou o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, dilapidando millóns de cartos públicos, e sen poñer en marcha nin unha soa medida a nivel laboral, en máis dun ano de goberno.

Dende Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, consideramos vital para Galiza e o futuro da xente nova, un cambio de rumbo nas actuais políticas sociais e económicas e a aposta por un modelo produtivo que xere riqueza e emprego a partir da potencialidade da base produtiva e industrial de Galiza. Opoñémonos ás medidas de Axuste propostas polo goberno do Estado e ao proxecto de Reforma Laboral que vai en contra do conxunto das traballadoras e traballadores. É por iso que saímos e sairemos á rúa e apoiaremos a convocatoria dunha Folga Xeral en defensa do traballo digno e na Terra e contra as actuais medidas económicas! Súmate a nós!

Se quixeres máis información sobre as actividades ou sobre a liña política de Galiza Nova, cubre cos teus datos este cupón e envíao ao noso local nacional (praza da Universidade, 5, 2.ª, 15782, Santiago de Compostela) ou ao noso enderezo electrónico: nacional@galizanova.org.

NOME E APELIDOS:

CORREO-E:

MÓBIL:

IDADE:

ENDEREZO:

LOCALIDADE:

Recibir de balde o *Mocidade* Recibir máis información sobre Galiza Nova Recibir información para me afiliar